

Chegadas estas datas volvemos, unha vez máis, a enfrontarnos coa decisión de comprar ou non, aos nos@s fill@s cunha grande cantidade de agasallos que, por experiencia, sabemos que de seguida provocan aburrimiento e non satisfán de xeito duradeiro as esixencias d@s pequen@s. Este boletín diríxese a presentar unha serie de apuntes sobre os xoguetes que poden constituír o punto de partida para que reflexionemos sobre eles.

PAPA NOEL E OS REIS MAGOS

Igual que os adultos, @s nen@s están sometidos á influencia da publicidade. Nós como pais e nais, podemos intervir modificando esa necesidade de ter cada vez máis cousas, ao mesmo tempo que inculcamos os valores necesarios e educamos aos nos@s fill@s para que se convirtan en persoas adultas seguras de si mesmas. Non podemos esquecer que a educación non é algo programado, senón que é o froito da relación entre pais, nais e fill@s que comeza no mesmo día do nacemento.

OS DESEXOS D@S NEN@S
 Case todos os desexos que nos plantexan @s nos@s fill@s se relativizan ao cabo dun tempo e pasan a un segundo plano ou se trasladan a outro obxecto. Por este motivo é aconsellable deixar que pase un certo tempo entre a aparición e o cumprimento dos seus desexos.

Os nen@s, hoxe en día son bombardeados por unha publicidade moi agresiva que fai que cheguen a coñecer moi ben a actual gama de produtos. Resulta moi importante irles ensinando unha idea concreta do valor do diñeiro para que comprendan que se os seus desexos exceden un prezo previamente establecido deben permanecer insatisfeitos, e ao contrario, se costan menos do previsto hai que gardar a diferenza para outro momento.

EDUCAR NO CONSUMO
 Facer cousas estimula a intelixencia ademáis de impedir que @s nen@s se convirtan en consumistas en miniatura incapaces de profundizar en ningunha actividade, porque as ansias de posuír fan que estean inqued@s e nunca satisfeit@s de todo.

Unha infancia sedentaria non só se caracteriza pola falta de exercicio, senón tamén pola ausencia de estímulos externos que lles posibiliten coñecer o mundo tal e como é, con toda a súa riqueza.

PROPOSTAS

- **Visitar a natureza.** Os paseos son moi divertidos. Aos nen@s gústalles moito ver como se axitan as follas co vento e andar e saltar entre a follaxe do chan. Podedes buscar pegadas de animais, explorar,...
- **Realizar manualidades** como por exemplo bonecos, cometas de fabricación caseira e ir á praia a botalas a voar.
- **Cociñar** galletas e pasteis cara as festas de Nadal.
- **Participar** nas actividades que ofrecen o concello, asociacións,...

**Aproveitamos para desexarvos
 ¡¡¡FELICES FESTAS!!!!**

